



Als

**Instrución sobre a aplicación do permiso por mor do estado de xestación das traballadoras e adaptación progresiva da xornada laboral por mor de tratamentos oncolóxicos**

A Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, no seu artigo 61 remite ao réxime de permisos establecido para os funcionarios públicos na normativa reguladora da conciliación da vida familiar e laboral e da igualdade efectiva de mulleres e homes.

A disposición final novena da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 estableceu un permiso retribuído para as funcionarias en estado de xestación, incorporando asemade unha nova disposición adicional décimo sexta no actual Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, coa seguinte redacción:

*Cada Administración Pública, no seu ámbito, poderá establecer ás funcionarias en estado de xestación, un permiso retribuído, a partir do día primeiro da semana 37 de embarazo, ata a data do parto.*

*No suposto de xestación múltiple, este permiso poderá iniciarse o primeiro día da semana 35 de embarazo, ata a data de parto.*

Pola súa vez, o pasado 17 de febreiro publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (núm. 32) o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, norma que recolle expresamente, como un dos principios de actuación nesta materia, o fomento da comprensión da maternidade como unha función social, evitando os efectos negativos sobre os dereitos da muller e ademais instrumentando outros efectos positivos. Así mesmo, determina que a protección da maternidade é unha necesidade social que os poderes públicos galegos asumen e recoñecen e que, sendo aquela un ben insubstituíble, todas as cargas e os coidados que supoñen a gravidez e o parto deben recibir axuda directa das institucións públicas, co fin de non constituíren discriminación gravosa para as mulleres. Neste sentido, ordénalle ás distintas Administracións da comunidade autónoma



aplicar todas as súas competencias para conseguir que se materialice na práctica o devandito principio.

Por outra banda e na procura de atender determinadas circunstancias persoais que poidan concorrer nos profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia, existen situacións, relacionadas con específicas modalidades de tratamentos médicos, nas que malia que o/a traballador/a xa recibiu a alta -e, en consecuencia, recuperou a súa capacidade funcional-, a realización da súa xornada completa pode carrexarlle no entanto un certo nivel de dificultade ou penosidade. Por iso acórdase que se poida recoñecer, polas respectivas xerencias, unha adaptación da xornada no momento da reincorporación ao posto de traballo, coas debidas garantías en orde ao correcto uso desta figura.

Con base no que antecede, procede aplicar os permisos de referencia nestes termos:

#### **Primeiro.- Permiso por mor do estado de xestación**

1.- As traballadoras en estado de xestación que posúan a condición de persoal estatutario, funcionario ou laboral con destino en calquera das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde ou nas entidades instrumentais adscritas a este organismo ou á Consellería de Sanidade, terán dereito a un permiso retribuído, a partir do día primeiro da semana 37 de embarazo, ata a data do parto.

2.- No suposto de xestación múltiple, este permiso poderá iniciarse o primeiro día da semana 35 de embarazo, ata a data do parto.

#### **Segundo.- Adaptación progresiva da xornada laboral por causa do tratamento oncolóxico recibido**

1.- O persoal estatutario, funcionario ou laboral que se reincorpore ao seu posto de traballo nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde ou nas entidades instrumentais adscritas a este organismo ou á Consellería de Sanidade, logo da finalización dun tratamento de radioterapia ou quimioterapia, poderá solicitar unha




adaptación progresiva da súa xornada de traballo. A xerencia da correspondente estrutura de xestión ou entidade instrumental poderá conceder a adaptación cando esta contribúa á plena recuperación funcional do/a solicitante, ou evite situacións de especial dificultade ou penosidade no desempeño do seu traballo.

2.- Esta adaptación poderá estenderse ata un mes dende a alta médica e poderá afectar ata un 25% da duración da xornada diaria, considerándose como tempo de traballo efectivo. A solicitude irá acompañada da documentación que achegue a persoa interesada para acreditar a existencia desta situación, e a xerencia deberá resolvela nun prazo de tres días hábiles, sen prexuízo de que, para comprobar a procedencia da adaptación, poida recadar os informes da respectiva unidade ou servizo de prevención de riscos laborais, ou de calquera outro órgano que considere oportuno, en relación co tratamento recibido ou as actividades de rehabilitación que lle fosen prescritas.

3.- O prazo referido no apartado anterior poderá ampliarse nun mes máis, cando o/a profesional xustifique a persistencia no seu estado de saúde das circunstancias derivadas do tratamento de radioterapia ou quimioterapia.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2016.

A directora xeral de Recursos Humanos



Margarita Prado Vaamonde

**XERENCIAS DE XESTIÓN INTEGRADA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.  
XERENCIAS DAS FUNDACIÓNS SANITARIAS PÚBLICAS E ENTIDADES  
INTRUMENTAIS ADSCRITAS Á CONSELLERÍA DE SANIDADE**